



RECOLLIDA CONXUNTA DE ACEITES USADOS E LÍQUIDOS DE FREOS

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ao abeiro das competencias outorgadas polo *Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*,

INFORMA:

Dende as Asociacións de Talleres de Galicia véñse demandando a posibilidade de poder mesturar os líquidos de freo cando se xeran en pequenas cantidades, cos aceites usados. Nestes momentos a recollida destes dous tipos de residuos realízase de forma separada, o que esixe dispoñer de sistemas de almacenamento diferenciados e realizar recollidas separadas de ambos os dous tipos de residuos o que se traduce en custos económicos adicionais e ambientais derivados dun maior impacto asociado á recollida e transporte ata as plantas de tratamento.

Para avaliar esta petición e de conformidade co artigo 18.2 da *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*, que permite mesturar aceites usados de distintas características cando sexa tecnicamente factible e economicamente viable, se a devandita mestura non impide o seu tratamento, os servizos técnicos da Subdirección Xeral de residuos e solos contaminados recompilaron a información oportuna coa fin de esclarecer se as mesturas de aceites usados e filtros de aceites cumpren estes requisitos.

Neste sentido tivéronse en conta:

- O pronunciamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do 7 de xuño de 2010, a favor da recollida conxunta dos líquidos de freo e aceites usados, permitindo que pola xestión do líquido de freo non se teña que pagar por duplicado ao Sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor (anteriores Sistemas Integrados de Xestión).
- O informe 0025-09 sobre a posibilidade de mesturar residuos de líquido de freo con outros aceites usados emitido pola consultora Alquimia Soluciones Ambientais. Neste informe conclúese que a composición do residuo líquido de freos é completamente miscible cos aceites usados, podendo ser considerado como un residuo oleaxinoso segundo o establecido no *Real Decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados*, dentro das substancias consideradas como aceites industriais; que polas súas propiedades fisicoquímicas a



súa presenza no aceite usado non afecta á posterior rexeneración mediante destilación atmosférica e a vacío, sempre que o seu contido en auga non supere o 5%; que o punto de ebulición do residuo de líquido de freos é inferior ao do aceite usado, polo que a súa presenza non afecta á calidade das bases lubricantes que se obteñen do proceso de rexeneración de aceites.

- A xustificación dunha empresa de Galicia autorizada para recoller e tratar aceites usados e líquidos de freo, que ratifica as conclusións do informe de Alquimina Soluciones ambientais.
- A opinión das Xefaturas de Servizo das Xefaturas Territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e dos Servizos de Apoio Técnico e de Intervención Ambiental desta Secretaría Xeral.

Por todo iso esta Secretaría Xeral considera que se debe permitir, de conformidade coa normativa básica en materia de residuos, a mestura dos aceites usados cos líquidos de freo nos lugares de produción sempre que a súa recollida e almacenamento se realice de forma que se impida mesturar estes residuos con outros diferentes, e a xestión posterior se realice en instalacións que polas súas características permitan realizar un tratamento axeitado do residuo.

En Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2013.